

ROGO PARA REALIZAR ÁS CONEXIÓNS DA REDE DE ABASTECIMENTO EN ROXOS APROVEITANDO O TRAZADO DA SENDA PEONIL QUE EXECUTA A XUNTA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro do Plan de Sendas de Galicia que está a desenvolver a Consellería de Infraestruturas e Vivenda do Goberno galego atópase o traxecto entre Santiago de Compostela, Bertamirás e Brión, de 6 kms. de lonxitude que se estende principalmente pola beira da estrada AC-543 Santiago-Noia e da que xa se ten rematado unha primeira fase entre a rotonda de Vidán e a glorieta da Silvouta.


Como continuidade do tramo xa executado, no pasado mes de xullo iniciáronse as obras do seguinte tramo entre a glorieta da Silvouta e Roxos, de 2,4 kms, que se atopan actualmente en execución coa previsión do seu remate en xaneiro de 2019.

Coincidindo coa execución destas obras, varias persoas con edificacións situadas á beira dese novo trazado peonil –concretamente na zona da glorieta que dá acceso ao colexio Junior's- teñen mostrado o seu interese para que se aproveiten os traballos que está a realizar a Xunta de Galicia, que xa contemplan a previsión de canalización das augas de drenaxe e a colocación de tubaxes destinadas a servizos de electricidade e telefonía, para instalar as conducións municipais para o saneamento de augas residuais, o que lles permitiría dispoñer deste servizo básico, combinando rapidez con eficacia e eficiencia.

Pola información que dispoñemos, a Administración autonómica xa ten concedido o necesario permiso para poder levar a cabo esta actuación complementaria, polo que tendo en conta a razoable demanda veciñal e á vista da marcha dos traballos da citada senda peonil, formulamos o seguinte rogo:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno Municipal, coa maior urxencia posible, se dean as instrucións e se completen os trámites necesarios para facilitarlle a dotación do servizo de saneamento de augas residuais ás edificacións que aínda carecen del e que se atopan situadas na marxe da senda peonil que a Xunta de Galicia está a executar pola beira da estrada AC-543 na zona de Roxos, aproveitando para iso os traballos actualmente en curso.

Santiago de Compostela, a 7 de decembro de 2018.



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela